

# 7º CIRCUITO 2022 CORRENDO POLA COSTA DA MORTE

Madriña do circuito:  
TERESA CASTRO VILLAVERDE

Circuíto 3K contra o Cancro  aecc  
Centro o Cancro

REGULAMENTO



organizan:



patrocinan:



colaboran:





## ÍNDICE

IDEOLOXÍA	3
PROBAS	4
CATEGORÍAS E DISTANCIAS	5
PERCORRIDOS	6
NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE	6
PROTOCOLO COVID	8
DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS	9
TIPOS DE COMPETICIÓNS	10
INSCRICIÓNS DAS COMPETICIÓNS INDIVIDUAIS	10
COMPETICIÓN POR EQUIPOS	11
SISTEMA DE CRONOMETRAXE / CHIPS E RECOLLIDA DE DORSAIS	13
CARREIRA 3K CONTRA O CANCRO	15
CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS DE CARREIRA	15
CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS DO VII CIRCUÍTO CORRENDO POLA COSTA DA MORTE	16





## 1. IDEOLOXÍA

O Circuíto de Carreiras Populares “*Correndo pola Costa da Morte*” é un programa anual de carreiras populares, que ten por obxectivo fomentar a práctica de actividade física e deportiva como medio para alcanzar unha vida máis saudable.

Dito circuíto está promovido e organizado por un conxunto de concellos da Costa da Morte: Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas.

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos (nados no 2019 e anteriores).

As posibilidades de participación son fundamentalmente, tanto en sénior como en categorías base (agás Pitufo) dúas:

- 1.1. **Corredores de Carreira:** son aqueles atletas que se inscriben nunha ou en varias das probas das que se compón o circuíto pero que non participan na competición do circuíto. Deberán facer unha inscrición por cada unha das probas nas que desexen participar. Nas categorías de adultos os corredores terán a posibilidade de inscribirse na proba 3K Contra o Cancro ou 10K.

Na proba 3K Contra o Cancro participarán en categoría absoluta independentemente da súa idade. A distancia desta proba poderá variar entre os 2000 e os 4000 metros en función do concello organizador.

Na proba 10K (categorías sénior, M40 e M50) a distancia poderá variar entre os 8000 e 10000 metros en función do concello organizador.

Nas probas de categoría base os atletas correrán as distancias establecidas segundo a súa categoría. Ademais de facer a inscrición deberán presentar a autorización paterna á hora de recoller os dorsais.

- 1.2. **Corredores de Circuíto:** son atletas que se inscriben co obxectivo de completar un mínimo de sete probas do circuíto na modalidade de 3K Contra o Cancro, 10K, ou o Circuíto de Categorías Base (agás categoría Pitufo). Estes atletas entran na clasificación particular das probas nas que participan e tamén na clasificación xeral do Circuíto. Deberán facer unha única inscrición e correr obrigatoriamente con chip amarelo os adultos e con con chip verde a base (agás Pitufo).

Os/as atletas poderán participar na competición por equipos, sempre e cando estean inscritos na competición individual de circuíto na modalidade 3K Contra o Cancro ou 10K.



## 2. PROBAS

O circuíto estará composto por un total de 10 probas. Comezará o día 20 de marzo de 2022 coa X Carreira Popular Concello de Camariñas, e rematará o 16 de outubro de 2022 coa VII Carreira Popular Concello de Fisterra.

	CONCELLO	DATA	PROBA
<b>1ª proba</b>	Camariñas	20-03-2022	X Carreira Pedestre Concello de Camariñas
<b>2ª proba</b>	Vimianzo	24-04-2022	X Carreira Pedestre Concello de Vimianzo
<b>3ª proba</b>	Mazaricos	08-05-2022	V Carreira Pedestre Concello de Mazaricos
<b>4ª proba</b>	Dumbría	21-05-2022	VI Carreira Pedestre Concello de Dumbría
<b>5ª proba</b>	Zas	04-06-2022	VII Carreira Pedestre Concello de Zas
<b>6ª proba</b>	Carnota	11-06-2022	XXIX Carreira das Areas Concello de Carnota
<b>7ª proba</b>	Cee	02-07-2022	VII Carreira Pedestre Concello de Cee (NOCTURNA)
<b>8ª proba</b>	Muxía	17-07-2022	VII Carreira Pedestre Concello de Muxía
<b>9ª proba</b>	Corcubión	17-09-2022	XIX Carreira Pedestre Vila de Corcubión
<b>10ª proba</b>	Fisterra	16-10-2022	VII Carreira Pedestre Concello de Fisterra

Os horarios das carreiras das distintas categorías serán establecidos polo concello organizador e poderán ser consultados na web [www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com)

### 3. CATEGORÍAS E DISTANCIAS

CATEGORÍA		IDADES	DISTANCIAS
<b>Pitufo</b>	Mixto	2015 – 2019 (ambos incluídos)	150-300 m. (aprox.)
<b>Benxamín</b>	Masculino	2013-2014	1000 m. (aprox.)
	Feminino		
<b>Alevín</b>	Masculino	2011-2012	1000 m. (aprox.)
	Feminino		
<b>Infantil</b>	Masculino	2010-2009	2000-4000 m. (aprox.)
	Feminino		
<b>Cadete</b>	Masculino	2008-2007	2000-4000 m. (aprox.)
	Feminino		
<b>Xuvenil*</b>	Masculino	2006-2005	2000-4000 m. (aprox.)
	Feminino		
<b>Absoluta 3K Contra o Cancro</b>	Masculino	2004 (incluído) e anteriores	2000-4000 m. (aprox.)
	Feminino		
<b>Sénior 10K</b>	Masculino	1983-2004	8.000 - 10.000 m.
	Feminino		
<b>Veteranos M40</b>	Masculino	1973-1982	8.000 - 10.000 m.
	Feminino		
<b>Veteranos M50</b>	Masculino	1972 (incluído) e anteriores	8.000 - 10.000 m.
	Feminino		

\* Os/as atletas de categoría xuvenil poderán optar a correr na categoría superior (absoluta en 3K e sénior en 10K) sempre que o fagan constar á hora de facer a inscrición. O feito de correr en categoría sénior (10K) e absoluta (3K Contra o Cancro) implicaría que non poderían optar á clasificación e premios da categoría xuvenil.

Así mesmo implicaría que deberían pagar a correspondente inscrición (9€ por inscrición de carreira, ou 35€ + custo do chip, no caso de non posuílo en propiedade, por inscrición de Circuito), terían dereito á camiseta conmemorativa de cada carreira, e poderían participar na competición de equipos.



## 4. PERCORRIDOS

Serán definidos no regulamento particular de cada Carreira.

## 5. NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE

- 5.1. Todas as probas incluídas no programa do circuíto de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” rexeranse pola **regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
- 5.2. Todas as probas incluídas no programa do circuíto de carreiras populares “Correndo pola Costa da Morte” rexeranse **como mínimo** polo protocolo COVID publicado pola Federación Galega de Atletismo e aprobado pola Xunta de Galicia. (Ver punto 6)
- 5.3. Todas as persoas participantes recoñecen e asumen, expresamente, o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio aínda cando a organización adopte toda unha serie de medidas para que isto non se produza. Nalgúns casos a adopción de tales medidas poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento das competicións.
- 5.4. Cada proba estará subscrita ao **seguro de responsabilidade civil** do concello onde se realice, ou da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/199.
- 5.5. Así mesmo todas as probas contarán cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.
- 5.6. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
- 5.7. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolve-la.
- 5.8. Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.
- 5.9. Non se permitirá a participación de ningunha persoa que non estea inscrita na competición.
- 5.10. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícito a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da F.G.A., RFEA e I.A.A. F. en vigor.
- 5.11. Debido á situación actual **non se habilitará servizo de vestiarios, duchas nin gardarroupa**. En función da evolución da pandemia esta norma poderá sufrir trocos.
- 5.12. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.



- 5.13. Os e as participantes adultos recibirán 1 camiseta conmemorativa no momento da recollida dos dorsais. Para ter dereito á camiseta é obrigatorio a recollida persoal.
- 5.14. No proceso de inscrición ás carreiras ou ao Circuíto non se pide talla, polo tanto **non se garantirá a talla das camisetas.**
- 5.15. Permitirase que ás/aos atletas de categoría xuvenil, interesadas/os en correr as probas 3k e 10k poidan facelo se así se anotaran en cada carreira ou en todo o circuíto.
- 5.16. Descualificacións
  - 5.16.1. O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
  - 5.16.2. Todo atleta que non realice o percorrido completo.
  - 5.16.3. O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.
  - 5.16.4. O atleta que incumpra a normativa do protocolo COVID do circuíto ou da proba concreta na que estea a participar.

## 6. PROTOCOLO COVID

### 6.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

- 6.1.1. Este protocolo COVID será susceptible de ser modificado en función do disposto polas autoridades sanitarias e pola Federación Galega de Atletismo en cada unha das probas que compoñen o Circuíto.
- 6.1.2. Os participantes deben coñecer e asumir o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio e iso aínda cando as organizacións adopten toda unha serie de medidas para que isto non se produza.
- 6.1.3. Nalgúns casos a adopción de tales medidas por parte da organización deportiva poderá alterar ou modificar a dinámica habitual de desenvolvemento das competicións.

### 6.2. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA COMPETICIÓN DAS CATEGORÍAS INFANTIL, CADETE, XUVENIL, SÉNIOR E VETERANO

- 6.2.1. Para a participación e a recollida do dorsal, será imprescindible amosar o **certificado europeo de vacinación COVID** ou a aportación do certificado sanitario da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba. Calquera de cada unha destas condicións deberá ser amosada á organización xunto coa presentación do DNI, no momento da recollida do dorsal.
- 6.2.2. Todas/os atletas que presenten a documentación requirida recibirán unha pulseira que deberán colocar no pulso. Sin esa pulseira non poderán acceder á cámara de chamadas para poder participar na carreira.

### 6.3. REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA COMPETICIÓN DAS CATEGORÍAS PITUFO, BENXAMÍN E ALEVÍN

- 6.3.1. Non será preciso a presentación dos certificados de vacinación nin de test de antíxenos ou PCR xa que estas categorías deberán correr obrigatoriamente coa máscara posta.



#### 6.4. USO DA MÁSCARA

- 6.4.1. As/os atletas deberán permanecer coa máscara posta, en todos aqueles momentos que non se poda respectar a distancia de seguridade (cámara de chamadas, filas para recoller dorsais,...)
- 6.4.2. Nas carreiras 3K e 10K as/os atletas deberán iniciar a carreira coa máscara posta ata superar a **liña de retirada da máscara**.
- 6.4.3. As/os atletas das carreiras de pitufos, benxamín e alevín deberán correr en todo momento coa máscara posta.
- 6.4.4. Unha vez finalizada a carreira, o atleta deberá colocar a máscara, ben empregando unha persoal ou a facilitada pola organización.

#### 6.5. CÁMARA DE CHAMADAS E SAÍDAS

- 6.5.1. Nas carreiras 3K e 10K habilitarase cámara de chamadas 30 minutos antes do inicio da carreira. Só poderán acceder á liña de saída aqueles atletas que porte no seu pulso a pulseira do chek-in e o dorsal colocado en lugar visible (parte dianteira do torso) . Unha vez pechada a cámara de chamadas ningún/ha atleta poderá acceder á zona de saída.
- 6.5.2. Saídas da carreira 3K e 10K: as/os atletas deberán saír correndo coa máscara posta, podéndoa retirar (non tirar) a partir do punto sinalizado como **liña de retirada de máscara**. A máscara deberá ser gardada polo corredor durante a carreira e non poderá tirala en ningún momento.
- 6.5.3. Quendas de saída da carreira 10K: coa finalidade de reducir na medida do posible aglomeracións a partir da zona de retirada da máscara estableceranse dúas quendas de saída para esta proba:
  - Quenda masculina: homes das categorías sénior, M40 e M50
  - Quenda feminina: mulleres das categorías sénior, M40 e M50
- 6.5.4. Quendas de saída da carreira 3K: coa finalidade de reducir na medida do posible aglomeracións a partir da zona de retirada da máscara estableceranse tres quendas de saída para esta proba:
  - Quenda masculina: homes da categoría absoluta
  - Quenda feminina: mulleres da categoría absoluta
  - Quenda categorías base: rapaces e rapazas das categorías infantil, cadete e xuvenil

#### 6.6. SERVIZO DE VESTIARIOS, DUCHAS E GARDARROUPA

- 6.6.1. Debido a actual situación non se prestará o servizo de vestiarios, duchas e gardarroupa.

## 7. DEREITOS DE IMAXE, USO DE DATOS E AUTORIZACIÓNS

Os deportistas inscritos comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

As inscricións formalizaranse a través da web [www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com).





A realización da inscrición implica ter lido, entendido e adquirido os compromisos que a continuación se expoñen:

- 7.1. As/os atletas menores de idade deberán entregar a autorización de participación debidamente cuberta e asinada polo pai, nai ou titor legal no momento da recollida do dorsal (Achégase no Anexo deste regulamento).
- 7.2. As/os atletas inscritos declaran que están en bo estado físico e teñen pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
- 7.3. As/os participantes deben coñecer e asumir o risco inherente á práctica deportiva en canto a un posible contaxio e iso aínda cando as organizacións adopten toda unha serie de medidas para que isto non se produza.
- 7.4. Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais,...) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
- 7.5. A/o atleta inscrito autoriza e acepta a publicación do seu nome e apelidos e a súa imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet,(...) para a promoción do deporte. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

## 8. TIPOS DE COMPETICIÓNS

- 8.1. **Competición Individual** (ver punto 9).
- 8.2. **Competición por equipos** (ver punto 10).

## 9. INSCRICIÓNS DAS COMPETICIÓNS INDIVIDUAIS

Non se permitirá a participación nin como corredor de carreira nin circuío en máis dunha proba.

- 9.1. As inscricións realizaranse a través da páxina web [www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com)
- 9.2. As **inscrición para CORREDORES/AS DE CARREIRA** realizaranse dentro dos seguintes prazos e custos:
  - 9.2.1. Ata o domingo anterior á proba ás 23'59 horas: 9€ + 5€ en concepto de fianza do chip que será reembolsada pola empresa de cronometraxe, na seguinte semana ao remate da proba, unha vez comprobado que o chip devolto corresponde coa persoa inscrita.
- 9.3. As **inscricións para CORREDORES DE CIRCUÍTO** realizaranse dentro dos seguintes prazos e custos:
  - 9.3.1. As inscricións para os corredores de circuío poderán formalizarse ata o **domingo 13 de marzo ás 23'59 horas** cun prezo de 35€ + o custo do chip no caso de non posuílo en propiedade.
  - 9.3.2. Independentemente de realizar a inscrición no prazo anteriormente indicado, todos/as atletas de circuío **DEBERÁN CONFIRMAR DE MANEIRA OBRIGATORIA A SÚA ASISTENCIA A CADA CARREIRA (AGÁS Á DE CAMARIÑAS)**. A data límite para a confirmación **será o luns previo** á celebración da mesma, ás 23'59 horas.



**O feito de non confirmar a asistencia dentro dos prazos establecidos implica que ese corredor non terá dereito á camiseta conmemorativa da proba, aínda que si poderá correr.**

- 9.4. **As inscricións para os atletas de CATEGORÍAS BASE** deberán realizarse a través da plataforma [www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com)
- 9.4.1. A inscrición para as categorías base será gratuíta, nembargantes deberase aboar unha fianza de 5€ polo uso do chip que será reembolsada pola empresa de cronometraxe, na seguinte semana ao remate da proba, unha vez comprobado que o chip devolto corresponde coa persoa inscrita.
- 9.4.2. Todos os atletas de categorías base deberán formalizar e presentar a autorización paterna asinada polo pai, nai ou titor no momento da recollida do seu dorsal. Dita autorización poderá ser descargada da páxina [www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com)
- 9.4.3. As inscricións para CORREDORES DE CARREIRA poderán formalizarse **ata o domingo anterior a cada proba ás 23'59 horas.**
- 9.4.4. As inscricións para os CORREDORES DE CIRCUÍTO BASE (benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil) poderán formalizarse **ata o domingo 13 de marzo ás 23'59 horas.**

## 10. COMPETICIÓN POR EQUIPOS

Os/as atletas poderán participar na competición por equipos, sempre e cando estean inscritos na competición individual de circuíto na modalidade 3K Contra o Cancro ou 10K .

- 10.1. **Poderán formarse os seguintes equipos atendendo ao xénero das persoas que os compoñan:**
- 10.1.1. Equipos femininos: compostos integramente por atletas femininas.
- 10.1.2. Equipos masculinos: compostos integramente por atletas masculinos.
- 10.1.3. Equipos mixtos: compostos por atletas masculinos e femininos.
- 10.2. Todos os equipos terán que estar formados por un mínimo de 5 e un máximo de 10 corredores.
- 10.3. Os equipos mixtos deberán cumprir a seguinte correlación:

Número de atletas por equipo	Composición do equipo
5 ou 6	2 mulleres ou homes como mínimo
7 ou 8	3 mulleres ou homes como mínimo
9 ou 10	4 mulleres ou homes como mínimo

- 10.4. Para poder optar ao **premio económico** terá que haber un **mínimo de 3 equipos** na categoría. De non ser así, o equipo poderá competir e recibirá o trofeo que o acredita como campión da súa categoría na gala final, pero non recibirá premio económico. Considerarase a un equipo como inscrito dende o momento en que tres dos seus compoñentes (como mínimo) puntúen na primeira carreira do Circuíto.

10.5. **O prazo de inscrición rematará o domingo 17 de abril de 2022 ás 23:59 horas. A partir de dita data non se poderán realizar máis inscricións por equipos e tampouco se poderán facer modificacións nos integrantes dos equipos.**

10.6. **Sistema de puntuación:**

10.6.1. Para poder puntuar todos os atletas do equipo deberán correr e rematar 3 carreiras do circuíto como mínimo.

10.6.2. Para poder puntuar nunha carreira deberán participar e rematar un mínimo de 3 atletas do equipo, independentemente do xénero. Se non logran rematar un mínimo de tres corredores, os non chegados consideraranse como últimos clasificados e puntuarán como tales.

10.6.3. O sistema de puntuación rexerese por unha táboa de *clasificación compensada*, na que entrarán tanto os resultados dos atletas adaptados coma os dos non adaptados.

O sistema de puntuación establecerase segundo os seguintes baremos:

Posto de chegada a meta	Número de atletas chegados á meta	
Puntuarán os 5 primeiros/as atletas do equipo que entren en meta en función da súa clasificación por sexo (masculino ou feminino)	3 chegados á meta	6 puntos
	4 chegados á meta	10 puntos
	5 chegados á meta	15 puntos
	6 chegados á meta	16 puntos
A puntuación por posto de chegada sairá da suma dos postos de chegada de cada atleta puntuable do equipo segundo o seu xénero	7 chegados á meta	17 puntos
	8 chegados á meta	18 puntos
	9 chegados á meta	19 puntos
	10 chegados á meta	20 puntos

10.6.4. A puntuación total do equipo calcularase segundo a seguinte fórmula: suma dos puntos por posto (ata os 5 primeiros) / puntos número de chegados.

**EXEMPLO PRÁCTICO**

*Equipo A: 6 chegados nos postos 10 masc + 20 masc + 21 masc + 5 fem + 10 fem + 15 fem*

*Puntos por posto de chegada a meta: 60*

*Puntos por chegados á meta: 16*

*Puntos do equipo:  $60/16 = 3,75$  puntos*

*Neste exemplo práctico tomamos a referencia de clasificación dos dous primeiros masculinos (postos 10 e 20) e as tres primeiras femininas (postos 5, 10 e 15) para facer a suma dos puntos por chegados.*

Para formalizar as inscricións por equipo podedes consultar as instrucións que aparecen no seguinte enlace <https://championchipnorte.com/ayuda/formar-equipos>

## 11. RECOLLIDA DE DORSAIS, CHIPS E CAMISETAS

### 11.1. RECOLLIDA DA BOLSA DO CORREDOR (DORSAL, CHIP E CAMISETA) PARA CATEGORÍAS INFANTIL, CADETE, XUVENIL, SÉNIOR E VETERANO:

- 11.1.1. Para recoller os dorsais, chips, camisetas e pulseiras acreditativas será imprescindible amosar **certificado europeo de vacinación COVID** ou a aportación do certificado sanitario da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba.
- 11.1.2. Así mesmo será imprescindible a presentación do DNI para acreditar a identidade da/o deportista.
- 11.1.3. Unha vez comprobado que a documentación é correcta a/o deportista recibirá unha pulseira de check-in que deberá colocar no pulso. Sen esta identificación non poderá acceder á liña de saída pola cámara de chamadas.
- 11.1.4. Non poderá ser recollido o dorsal nin a camiseta por un terceiro.
- 11.1.5. **A partir da primeira proba do circuíto, as persoas que teñan acreditado o certificado de vacinación non será preciso voltar a amosalo a non ser que este caduque antes do remate do circuíto.**
- 11.1.6. **En todas as probas, tanto os corredores de carreira como corredores de circuíto, OBRIGATORIAMENTE terán que recoller as pulseiras que lles permita acceder á cámara de saída.**
- 11.1.7. As/os atletas menores de idade deberán entregar a autorización de participación debidamente cuberta e asinada polo pai, nai ou titor legal no momento da recollida do dorsal (Achégase no Anexo deste regulamento).

### 11.2. RECOLLIDA DA BOLSA DO CORREDOR (DORSAL, CHIP E CAMISETA) PARA CATEGORÍAS PITUFO, BENXAMÍN E ALEVÍN:

- 11.2.1. As/os atletas menores de idade deberán entregar a autorización de participación debidamente cuberta e asinada polo pai, nai ou titor legal no momento da recollida do dorsal (Achégase no Anexo deste regulamento).

### 11.3. CÁMARA DE CHAMADAS:

- 11.3.1. Coa finalidade de controlar o acceso á zona de saída nas probas 3K (infantil, cadete, xuvenil e absoluto) e 10K establecerase **unha cámara de chamadas que se abrirá 30´ antes do horario previsto para cada proba**. Para acceder a ela os corredores terán que levar a pulseira facilitada pola organización no pulso, e o dorsal en lugar visible (parte dianteira do torso) que os acredite como corredores.
- 11.4. Para controlar as probas estableceranse controis de cronometraxe por chip e deberán ir suxeitos aos cordóns das zapatillas.
- 11.5. Será obrigatorio o uso de chip para todas as categorías **agás pitufo**.
- 11.6. Será obrigatorio o uso de dorsal para todas as categorías (facilitado pola organización).



- 11.7. O atleta que non porte o chip non poderá entrar na clasificación da proba nin lle computará na clasificación do circuíto.
- 11.8. O atleta que non porte dorsal poderá ser descalificado se así o estima a dirección de carreira.
- 11.9. O horario de apertura e peche das mesas para a recollida de dorsais, chips e pulseiras será definido por cada Concello organizador no regulamento particular.
- 11.10. Os **corredores de circuíto 10K, 3K Contra o Cancro** deberán usar obrigatoriamente **“chip amarelo”**. Os **corredores de circuíto de Categorias base** deberán usar obrigatoriamente **“chip verde”**. Do mesmo xeito empregarán un **único dorsal** para todas as probas do circuíto.
  - 11.10.1. Tanto o dorsal coma o chip (no caso de non posuílo) recollerase na primeira proba do circuíto na que participen os inscritos, no lugar habilitado para tal efecto.
  - 11.10.2. No caso da perda do chip o atleta deberá mercar outro a través da páxina de Championchip.
  - 11.10.3. No caso da perda ou rotura do dorsal, poderá solicitar outro á organización. **No suposto de necesitar un terceiro dorsal, deberá solicitalo e aboalo a ChampionChip.**
- 11.11. Os **corredores de carreira** usarán o **“chip de carreira”**. Estes corredores deberán recoller o seu dorsal, chip e pulseira antes da carreira no lugar habilitado para tal efecto ata 30 minutos antes do inicio da proba.
- 11.12. Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionárase coa expulsión do circuíto do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuíto.

## 12. CARREIRA 3K CONTRA O CANCRO

### Carreira 3K Contra o Cancro



Na VII edición do Circuíto seguiremos **colaborando coa Asociación Provincial Contra o Cancro**. Deste xeito a recadación obtida para tal fin será entregada a dita asociación cando remate do circuíto, na gala de entrega de trofeos.

Así mesmo todas aquelas persoas que desexen colaborar coa Asociación Provincial contra o Cancro, sen participar en ningunha competición, poderán facelo inscribíndose no apartado **Fila 0** que aparecerá na web [www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com), dentro de cada unha das probas que compoñen o circuíto.

## 13. CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS DE CARREIRA

### 13.1. CLASIFICACIÓNS DA PROBA 10K:

- 13.1.1. Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.
- 13.1.2. Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías (sénior, M40, M50) independentemente da súa condición de corredores de carreira ou de corredores de circuíto.
- 13.1.3. Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio como gañadores absolutos o gañador e gañadora da carreira 10K, independentemente da súa categoría.



13.1.4. Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a empadroad/a do concello organizador.

13.1.5. Os equipos só recibirán trofeo e/ou medalla na gala final.

### **13.2. CLASIFICACIÓNS DA PROBA 3K CONTRA O CANCRO:**

13.2.1. Optan a esta clasificación todos os/as atletas participantes na proba.

13.2.2. Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Absoluta (nados en 2004 e anteriores), Xuvenil, Cadete e Infantil independentemente da súa condición de corredores de carreira ou de corredores de circuío.

### **13.3. CLASIFICACIÓNS DAS PROBAS BENXAMÍN E ALEVÍN:**

13.3.1. Recibirán trofeo e/ou medalla e subirán ao podio os tres primeiros/as clasificados/as en cada unha das categorías Benxamín e Alevín.

### **13.4. MEDALLAS CONMEMORATIVAS:**

13.4.1. Ademais nas categorías Pitufu, Benxamín e Alevín, recibirán medalla conmemorativa todos os participantes en ditas probas.

## **14. CLASIFICACIÓNS E TROFEOS/MEDALLAS DO VII CIRCUÍTO CORRENDO POLA COSTA DA MORTE**

### **14.1. CLASIFICACIÓNS DO CIRCUÍTO 10K:**

14.1.1. As probas puntuables para o VII Circuíto Correndo pola Costa da Morte son as que aparecen no punto 2 do presente regulamento.

14.1.2. Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuío 10K. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuío non optan a esta clasificación.

14.1.3. Os atletas participantes no circuío deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios.

14.1.4. No caso de correr máis de 7 probas, o atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.

14.1.5. A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2puntos / 3º posto=3 puntos....de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.

14.1.6. No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:

- Número de probas rematadas.
- Maior número de mellores postos.
- Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).

14.1.7. Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuío os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as das categorías sénior, M40, M50.

- 14.1.8. Recibirán trofeo e/ou medalla de campións absolutos do circuíto o primeiro e primeira clasificado/a absoluto do circuíto.
- 14.1.9. Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a local (empadroados nos concellos organizadores do circuíto).
- 14.1.10. Recibirán trofeo e/ou medalla o primeiro e primeira clasificado/a foráneo (atletas non empadroados nos concellos organizadores do circuíto).

#### 14.2. CLASIFICACIÓNS DO CIRCUÍTO 3K CONTRA O CANCRO:

- 14.2.1. As probas puntuables para o VII Circuíto Correndo pola Costa da Morte son as que aparecen no punto 2 do presente regulamento.
- 14.2.2. Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuíto 3K Contra o Cancro. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuíto non optan a esta clasificación.
- 14.2.3. Os atletas participantes no circuíto deberán completar un mínimo de sete probas para poder optar aos premios.
- 14.2.4. No caso de correr máis de 7 probas, o atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.
- 14.2.5. A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos....de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.
- 14.2.6. No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:
  - Número de probas rematadas.
  - Maior número de mellores postos.
  - Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).
- 14.2.7. Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuíto os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as da categoría absoluta.

#### 14.3. CLASIFICACIÓNS POR EQUIPOS:

- 14.3.1. Destinarase a premios unha cantidade de 600€ en vales a cambiar por material deportivo na tenda de deportes Aurora Sport para os equipos campións das distintas categorías (feminino, mixto, masculino) nos Circuitos 10K e 3K Contra o Cancro.
- 14.3.2. O importe final de cada un dos vales dependerá do número de equipos con dereito a premio económico ao remate do Circuíto. Se houberse 6 equipos con dereito a premio económico (tres por categoría e Circuíto) cada un deles levaría un vale por valor de 100€ en material deportivo. Se algunha das categorías quedase deserta e o número de equipos con dereito a premio fose menor, os 600€ repartiríanse de maneira proporcional entre eles.
- 14.3.3. Para poder optar ao **premio económico** terá que haber un **mínimo de 3 equipos** na categoría. De non ser así, o equipo poderá competir e recibirá o trofeo que o acredita como campión da súa categoría na gala final, pero non recibirá premio económico.



Considerarase a un equipo como inscrito dende o momento en que tres dos seus compoñentes (como mínimo) puntúen na primeira carreira do Circuito.

#### 14.4. CLASIFICACIÓNS DO CIRCUÍTO DE BASE:

- 14.4.1. As probas puntuables para o VII Circuito Correndo pola Costa da Morte son as que aparecen no punto 2 do presente regulamento.
- 14.4.2. Para poder optar a esta clasificación os atletas deben inscribirse no circuítu de cada categoría de base. Os atletas que participen en todas as probas pero non se inscriban no circuítu non optan a esta clasificación.
- 14.4.3. Recibirán trofeo e/ou medalla de campións do circuítu os tres primeiros e tres primeiras clasificados/as das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.
- 14.4.4. Os atletas participantes no circuítu deberán completar un mínimo de 7 probas para poder optar aos premios.
- 14.4.5. No caso de correr máis de sete probas, o atleta puntuará cos mellores 7 resultados acadados.
- 14.4.6. A puntuación acadada irá en función do posto obtido en cada unha das probas na súa categoría (1º posto=1 punto / 2º posto=2 puntos / 3º posto=3 puntos...de xeito que o/a atleta con menor suma de puntos, será o/a vencedor/a en cada unha das categorías.
- 14.4.7. No caso de empate a puntos o sistema de desempate será o seguinte:
  - Número de probas rematadas.
  - Maior número de mellores postos.
  - Maior distancia en quilómetros recorridos (no caso de que as carreiras teñan distintas distancias).

#### 14.5. PREMIOS ESPECIAIS:

- 14.5.1. Recibirán **medalla finisher** todos/as os/as **corredores/as de circuítu** que **rematen todas as probas** do circuítu na modalidade na que se inscribiron.
- 14.5.2. Recibirán **medalla finisher** todos/as os/as **corredores/as de circuítu de base** que **rematen todas as probas** do circuítu na modalidade na que se inscribiron.
- 14.5.3. Todos os atletas inscritos en circuítu que rematen un mínimo de 7 carreiras terán dereito a un diploma conmemorativo que poderán descargar dende a plataforma [www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com)

#### 14.6. ENTREGA DE TROFEOS AOS CAMPIÓNNS DE CIRCUÍTO:


Unha vez rematadas as probas do *Circuítu de Carreiras Populares "Correndo pola Costa da Morte"* organizarase, sempre que a situación o permita, un acto de entrega de trofeos/medallas a todos/as os/as tres primeiro atletas en cada unha das categorías, así como un acto de entrega dos premios especiais.

O lugar e data no que terá lugar dito acto de entrega será comunicado coa suficiente antelación.





**Organizadores:**





**AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DE MENORES**  
**VII CIRCUÍTO CORRENDO POLA COSTA DA MORTE**

D/Dña. \_\_\_\_\_ Con DNI nº \_\_\_\_\_, como pai/nai ou titor-a e coñecedor do regulamento, autorizo, baixo a miña responsabilidade, a que: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ e nado/a en \_\_\_\_\_ con data \_\_\_\_\_, participe no **VII Circuíto de Carreiras Populares “Correndo pola Costa da Morte”** ou nunha das carreiras que compoñen o mesmo

(especificar carreira \_\_\_\_\_)

recoñecendo expresamente que se atopa en condicións físicas axeitadas para a práctica do exercicio físico e eximindo de toda responsabilidade aos organizadores, patrocinadores, colaboradores e voluntarios en canto ao desenvolvemento das súas funcións se refire.

Así mesmo, autorizo expresamente a Championship e á Organización para o uso das imaxes en soporte fotográfico e/ou audiovisual que se captan durante as diferentes probas do circuíto sen ningunha limitación territorial nin temporal, polo que as imaxes fotográficas e/ou audiovisuais, poderán ser utilizadas, de xeito total ou parcial, por Championship e a Organización para a súa publicación en medios de comunicación, distintos soportes para a promoción e difusión da carreira, e nas webs [www.correndopolacostadamorte.com](http://www.correndopolacostadamorte.com) [www.championshipnorte.com](http://www.championshipnorte.com), e nas súas respectivas redes sociais, por un prazo de tempo ilimitado e sen contraprestación algunha.

Para que así conste, asino a presente en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo.: